



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Literatura Románica Medieval na Cultura Contemporánea

Santiago Gutiérrez García

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO

2011 / 2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTOR: Santiago Gutiérrez García
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: A Literatura Románica Medieval na Cultura Contemporánea
- Tipo de materia (troncal / obrigatoria / optativa / libre configuración)
Obrigatoria no GRAO EN LINGUAS E LITERATURAS MODERNAS (*Maior* en Filoloxía Románica).
(A partir do curso 2011-2010 pode cursarse tamén como parte do *Minor* en Filoloxía Románica)
- Curso no que se imparte: 2º curso, 2º cuatrimestre
- Número de créditos teóricos e prácticos: 6 créditos ECTS
- Prerrequisitos recomendados: Ningún
- Profesor(es) que a imparte(n): Santiago Gutiérrez García
- Lingua(s) na que se imparte: castelán (galego)
- Horas e lugar de titorías: **despacho 105**. As titorías personalizadas, relacionadas coa implantación do sistema de créditos europeos (ECTS), terán lugar os martes, de 10 a 11 horas, e o mércores, de 10 a 11 horas. Para calquera tipo de consultas, o horario será os martes, de 12 a 13 horas, e os xoves, de 9 a 11 e de 12 a 13 horas. Non obstante, esta é unha proposta provisional, que está suxeita a revisión de acordo coas necesidades da práctica docente e do calendario académico.
- Teléfono de contacto: 881811791
- e-mail: santiago.gutierrez@usc.es
- Páxina web recomendada: www.usc.es/filrom

Horario de clases

Luns, de 10 a 12 horas (aula 16)
Martes, de 10 a 11 horas (aula 16)

Data oficiais de exames

4/6/2012, 12 horas, Aula 2
5/7/2012, 9,30 horas, Aula 14

2.- SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

A materia de Literatura Románica Medieval na Cultura Contemporánea impártese no segundo semestre do segundo curso do Grao en Linguas e Literaturas Modernas, formando parte no módulo de Actualidade da Filoloxía Románica. Poden cursala aqueles alumnos integrados no ***Maior en Filoloxía Románica***. En anos sucesivos, poderán collela, ademais, aqueles outros que cursen o ***Minor en Filoloxía***

Románica, tendo en conta que o módulo complementario que se lles ofrece aos alumnos é o de Introducción á Filoloxía Románica.

Dentro desta titulación, forma parte do Maior en Filoloxía Románica, constituíndo materia obrigatoria para os alumnos que cursen esta rama de estudos.

Esta materia pretende complementar os coñecementos adquiridos polos alumnos nas materias dedicadas ao estudo da literatura medieval, empregando para iso un enfoque neomedievalista. Para este fin, potenciarase unha perspectiva comparatista entre, por un lado, as diferentes tradicións culturais da Romanía e, por outro, entre diversas épocas históricas. Así mesmo, favorécese a concepción da literatura como parte dun sistema cultural máis amplo, o que implica, en fin, unha perspectiva interdisciplinar da materia. A materia, daquela, proporciona elementos para a reflexión e o coñecemento da cultura europea e da sociedade contemporánea, así como o papel que nelas ocupan a cultura e a literatura medievais.

3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DA MATERIA

Os principais obxectivos que se perseguen con esta materia son os seguintes:

- Ofrecer unha introdución ao estudo da recepción da literatura e da cultura medievais ao longo dos séculos, con especial atención á cultura contemporánea.
- Relacionar os elementos de literatura medieval aprendidos durante os estudos de grao con aspectos necesariamente literarios que forman parte da cultura e da sociedade actual, pero que só se explican a partir da pegada que neles deixaron os séculos medios.
- Reflexionar sobre a importancia que a Idade Media ten na configuración da sociedade actual.
- Estudar os procesos de recepción literaria e, dun xeito máis amplo, de recuperación e (re)creación do pasado e indagar na compoñente ideolóxica que condiciona tales procesos.
- Interrelacionar o estudo da literatura cos doutras vías de coñecemento e manifestacións culturais, procurando un enfoque interdisciplinar aos estudos lingüísticos e literarios.

As competencias xenéricas propias do *Maior* en Filoloxía Románica pódense resumir en:

- Visión de conxunto da literatura románica nas súas distintas variedades lingüísticas, favorecendo unha perspectiva histórico-comparativa.
- Coñecemento dos procesos de autorrepresentación das sociedades, a partir dos datos que lles proporcionan a literatura, reflexionando sobre o lugar que esta última ocupa no corpo social.
- Reflexión sobre a interrelación dos diversas series artísticas e culturais e necesidade, xa que logo, dun estudo comparatista e interdisciplinar de calquera das súas modalidades.

Neste marco, as competencias específicas que debe acadar o alumnado desta materia son:

- Coñecemento e análise comparativa do panorama literario románico e das súas claves evolutivas, tanto durante a Idade Media, como en etapas históricas posteriores.
- Comprensión da importancia da literatura románica na conformación da cultura europea contemporánea.
- Coñecemento sobre os procesos culturais e a importancia que acada o pasado na configuración dos diversos grupos humanos.
- Capacidade de interrelacionar os elementos da literatura e da cultura medievais, por enriba das compartimentacións que adoita impoñer o estudo das linguas e literatura nacionais.
- Capacidade de xustificar a practicidade dos coñecementos sobre literatura e cultura medievais na sociedade contemporánea e aplicabilidade como modelo de coñecemento desta última.

4.- CONTIDOS DA MATERIA (TEMARIO)

- 1.- A formación do concepto de Idade Media. Percepción dos séculos medios ao longo dos tempos: do Humanismo ata o século XXI
- 2.- O interese actual pola Idade Media. Qué Idade Media e por qué: os tópicos sobre a época medieval e a súa orixe.
- 3.- A posmodernidade como nova Idade Media. Paralelos entre a Idade Media e os tempos actuais
- 4.- O coñecemento do pasado a través de fontes indirectas. O século XIX como horizonte mitoxenético da época actual.
- 5.- O proceso de percepción do pasado. A ficcionalización da Historia.
- 6.- Implicacións ideolóxicas das indagacións históricas. Lexitimacións identitarias e procesos de apropiación simbólica. A Idade Media na creación dos mitos nacionais.
- 7.- Da Idade Media á Idade Media fantástica.
- 8.- A Idade Media na cultura do espectáculo: cultura escrita e cultura da imaxe.
- 9.- O cinema sobre a Idade Media. Coordenadas históricas e sociais do cinema norteamericano. A relación do cinema medievalizante e outros xéneros cinematográficos
- 10.- A Idade Media no cómic.

A distribución dos contidos ao longo do curso será a seguinte:

1.- A formación do concepto de Idade Media.	30 xaneiro – 7 febreiro
2.- Tópicos sobre a época medieval e a súa orixe.	13-14 febreiro
3.- A posmodernidade como nova Idade Media.	27 febreiro – 6 marzo
4.- O coñecemento do pasado a través de fontes indirectas.	12-13 marzo
5.- A ficcionalización da Historia.	19-27 marzo
6.- Implicacións ideolóxicas das indagacións históricas.	9-10 abril
7.- Da Idade Media á Idade Media	16-23 abril

fantástica.	
8.- A Idade Media na cultura do espectáculo.	30 abril
9.- O cinema sobre a Idade Media.	7-22 maio
10.- A Idade Media no cómic.	28-29 abril

A datas refírense a semanas lectivas do curso 2011-2012. A presente distribución é unha simple proposta, xa que non se exclúen modificacións ocasionadas por circunstancias propias do desenvolvemento do curso.

5.- BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Alvar, C. El rey Arturo y su mundo. Diccionario de mitología artúrica, Alianza Editorial, Madrid, 1991.
- Benito Ruano, E. (coord.), Tópicos y realidades de la Edad Media, Madrid, 2000-2002, 2 vols.
- Cid Lucas, F. (coord.), Quince caminos para seguir a Tolkien, Diputación Provincial, Cáceres, 2007.
- Eco, U., et alii, La nueva Edad Media, Alianza Editorial, Madrid, 2004 (1ª ed. 1973).
- García Sempere, M., e Martos, J. L. (eds.), L'Edat mitjana en el cinema i en la novel·la històrica, Universitat d'Alacant, Alacante, 2009.
- Heers, J., La invención de la Edad Media, Crítica, Barcelona, 1995.
- Hobsbawm, E., e Ranger, T. (eds.), La invención de la tradición, Barcelona, 2002 (1ª ed. 1983).
- Jauss, H. R., Pour une esthetique de la réception, Gallimard, Paris, 1978.
- Jurado Morales, J. (ed.), Reflexiones sobre la novela histórica, Universidad de Cádiz, Cádiz, 2006.
- Lyon, D., Postmodernity, Open University Press, Buckingham, 1994 [Postmodernidad, Alianza Editorial, Madrid, 1996].
- Peña-Ardid, C., Literatura y cine, Madrid, 1992.

6. METODOLOXÍA E RECURSOS

A materia organízase a partir das sesións de clases presenciais, impartidas polo profesor. Nelas ofreceranse os datos pertinentes que faciliten a aprendizaxe dos alumnos, tanto no que se refire a contidos, como a orientación bibliográfica, que guiará a aprendizaxe individual dos alumnos. Nas aulas, ademais, e de acordo con principio de avaliación activa, fomentárase a participación do alumnado, tanto en debates que se susciten durante o seu desenvolvemento, como en comentarios que, ocasionalmente, se expoñan en clase. Como material de apoio das clases, se comentarán en clase diversos textos, facilitados ou recomendados polo profesor, así como películas e cómics de temática medieval.

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicaranse a traballo dirixido pola profesora e as outras 75 horas (50%) a traballo autónomo por parte dos alumnos para completar os coñecementos e habilidades traballados na clase. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 54 de actividades formativas presenciais (o que supón o 36% do traballo total) e 21 (14% do total) de actividades dirixidas non presenciais.

ACTIVIDADES	horas presenciais	horas non presenciais	traballo autónomo	TOTAL
Clases expositivas	24	-	35	59
Clases interactivas	24	21 (TD)	40	85
Titorías	3	-	-	3
Sesiões de avaliación	3	-	-	3
TOTAL	54	21	75	150

7.- SISTEMA DE AVALIACIÓN

A materia seguirá o sistema de avaliación continua, baseado no seguimento regular do alumno e do traballo que este realice. Por este motivo, esíxese a asistencia obrigatoria, como mínimo nun 80% do total das horas de clase presencial. A nota final extraerase de diversos criterios de avaliación. Por unha banda a participación activa nas clases, que partirá da asistencia regular a elas por parte dos alumnos. A isto cómpre engadir a relación de actividades individuais ao longo do curso (comentarios como actividade non presencial, por exemplo), así como a realización dun traballo final de carácter individual.

A nota final obteráse da confluencia destes tres aspectos, de acordo co seguinte reparto porcentual: 1) actividades presenciais: 30%; 2) actividades non presenciais: 30%; 3) traballo final: 40%.

A non participación nalgunha das actividades previstas, xustificada de acordo co que prevé a *Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior*, aprobada polo Consello de Goberno da USC na súa sesión do 25 de marzo de 2010, pode ser suplida cos oportunos traballos substitutorios.

En calquera caso, os estudantes que non poidan seguir con regularidade o curso, non realicen as actividades previstas ou non obteñan unha nota mínima de 5 terán a opción de presentarse a un exame final, que se realizará na data oficial marcada no calendario da Facultade.

Para aqueles alumnos que non poidan asistir con regularidade ás clases, a única opción de avaliación posible é o exame final.